


AGASALLO DE SOMBRAS



**CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO**

**dirección:
Eduardo Alonso**

**Xefatura de produccions:
Ramón Varela**

**Distribución e promoción:
Cruz Andrade**

**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA
DE EDUCACIÓN
E CULTURA**

**DIRECCIÓN
XERAL
DE CULTURA**



A ROSALIA

*Non convén chorar máis.
Ela choróu por todos e pra sempre.
Calemos...
Eu véxote así:
crespós nas estrelas,
ollos abertos de nenos mortos cravados nas salas do pazo.
Calemos...
Nos currunchos acendéronse os altares do silencio;
choiva de frores de estameña nos tristes pasadelos.
Coa túa boca torta chamas a mortos
e náufragos dende a solaina,
antre a brétema, en serán infinda.*

*Delantal de camposanto e campás antre mar e brétema;
barco negro e morto no camiño;
pómulos marelos deformes pola door;
balcón endexamáis aberto cheo de paxaros e follas secas;
seios esprimidos hasta a derradeira gota de luz;
maos antre mirto e lúa, debaixo da auga verde do estanque.*

*¿Qué fas na serán que está esmorecendo sempre
ou na noite que endexamáis se rematará?*

*Sin corpo, sin traxe, sin bruído,
coroa de sombras, música de pianos enloitados...
(Chove sobor das rosas e da escalinata do pazo.)*

Luis Pimentel

TEMPORADA 1984

Centro Dramático Galego

Produccións:

Woyzeck

de Büchner
en versión de Manuel Lourenzo
Dirección Xulio Lago

Agasalho de sombras

Texto e dirección Roberto Vidal Bolaño

Coproduccións:

Festa rachada

(espectáculo de rúa e animación)
en coproducción coa compañía TITIRITI

Informe do día despois

Sobre textos de Kafka, Calderón, Le Fel.
En coproducción coa Compañía TROULA

Fausto

Inspirado en Goethe.
En coproducción
co Compañía LUIS SEOANE

Eduardo Alonso

a programación do Centro Dramático Galego para a temporada teatral 1984 contemplábase dúas necesidades que considerabamos con posibilidades de ser abordadas, por unha banda a incorporación á dramaturxia galega dun texto clásico do teatro universal, e pola outra a potenciación dun dos nosos autores actuais. Para min, como director do Centro Dramático Galego, e home vencellado ó teatro galego, a elección do autor que cumprise as condicións da segunda parte da proposta era ben sinxela, e aínda máis se se está, sen rexeitar outras mecánicas, a favor do autor incorporado a todo o proceso de creación teatral. O Centro Dramático galego está alimentado profesionalmente por unha xeración de creadores que teñen características propias, propios achados e propios erros; e esta xeración de homes e mulleres do teatro ten os seus autores, e dentro deles un home comprometido creativamente o máximo co teatro que nestes momentos se realiza en Galicia, e dende múltiples aspectos: texto, dramaturxia, dirección, escenografía, iluminación, interpretación... Roberto Vidal Bolaño: era, penso, pois, elemental, encargarlle un traballo para esta temporada inicial do Centro Dramático Galego. Cando Roberto presentou o seu proxecto de texto-montaxe (que as dúas cousas son unha): un traballo sobre o tempo, a vida, a obra de Rosalía de Castro, non puideron menos que poñer toda a incipiente infraestrutura técnica e humana do C.D.G. ó servizo desa fermosa idea: "AGASALLO DE SOMBRAS".

AGASALLO DE SOMBRAS

de Roberto Vidal Bolaño

Rosa
Elma Linces
Rosalia
Dorothea Barrena
Manuel Murguía
Xosé Luis Góberna
A Tesis
Carmen Rabade
Aurelio Aguirre
Xosé R. Lourido
O Museo
Xilio Castillo
Dona Tereixa
Mabel Rivera
Eduardo Pondal
Camilo Ramonelo
Benito Vicetto
Ernesto Chao
Anxos e Demos
Fernanda Cabrerá
Edgar Allan Poe
Francisco Cadaval
Camarcero
Fernando Pedrido
A Reina Saba
Pilar Rodríguez
Luisa Viera
Emilia Pardo Bazán
Paloma Romero Díaz

George San, Heine, Flaubert,
Mulleres e homes de
Compostela, Gregos,
Curxos, Anxos, Santos,
Porcos, Nigantes e Demos.

Escenografía
Ventura Cores

Realización Escenografía
Estructuras metálicas
Talleres Magdalena
Talleres Forjasa
Carpintería
Muyar

Cristalería
Santiguera

Diseño e realización de
atrezo, mascarás, cabezudos,
momos e marionetas
J. Mendez

Diseño de vestuario
Antonio Francisco Simón

Realización de vestuario
Traxes homes: Manuel Blanco
Traxes mulleres: Lola Lago Arca

Música

Emilio Cao

Técnico grabación

Xosé Góncou

Coreografía

Anxo Martis

Iluminación

Pako de Pink

Axudante de Dirección

Rodrigo Roel

Dirección

Roberto Vidal Bolaño

Fotografía

Fernando Bellas

Diseño do cartel

Ventura Cores

Diseño do programa:

Pope Barro


Imprime

Velograf, S.A.


Milladoiro s/n - Tel. 598050

Santiago, 1984

Dep. Leg. C-979/84



Roberto Vidal Bolaño



es que, non sen poucas dificultades, descubrín o TEATRO DE MASCARAS de Don Ramón Otero Pedrayo, algunha das súas pezas vén exercendo sobre min unha meiguice enfermiza da que só acerto a me ceibar, e sempre de xeito fuxidio, contrapoiéndolle unha lectura a tempo desas catedrais da indisciplina teatral que pra min son A TENTACION DE SAN ANTONIO de Gustavo Flaubert e o FAUSTO de Goethe. Propostas de espectáculo imposible onde as haxa, máis alá de pitonismos temporais ou de capacidades técnicas coñecidas.

Volvo recurrentemente, tanto a unhas coma as outras, cada vez que preciso relacionarme coa grandura teatral dun xeito cómodo. Ou cando ando á pescuda desa idea de espectáculo posible pola que me deixar engaiolar dabondo como para seguir nisto aínda que doía. E como se precisara relembra-la sabeduría de tempos andados, para non me deixar apresionar polo engado de certas sabichas de tempos presentes. Vólome un amante infiel e soño alianzas teatrais nas que Shakespeare e "Os Resentidos", ou Wagner e Méndez Ferrín suban collidos da man a un mesmo escenario baleiro.

Debeu ser nunha destas cando abracei a idea de traiciona-r a Don Ramón, xogando a facer posibles eiqui e agora, as súas traxedias sempre improbables, agardando que non sufriran máis perda de grandura que aquela que a miña torpeza provocara no tránsito.

Foi un exercicio de adaptación rico, libre e apaixoado, feito dende unha relación co mundo e co teatro de Don Ramón rillota e xogantina, condonado de antemán ó fracaso, aínda que non á esterilidade.


Enredando coa peza "A REVOLTA DOS TRAXES" crín intuír que non era casual que o personaxe protagonista se chamase Rosalinda, que ficara prisioneira do seu home nun deses recunchos empoeirados nos que se garda da historia o aparente, ou que fose un poeta,

romántico por mais señas, quen a arrincase daquel cárcere de sombras. Atinado ou non, púxenme a xogar co intuído e case sen me decatar atopeime poiéndolle nomes propios ás cousas. Pouco a pouco, unhas veces envoltos en grande aparato e lucerio, outras nas puntas dos pés, fóronse colando os Manuel Murguía, Vicetto, a Pardo Bazán, Pondal, Aurelio Aguirre, Rosalía... E a revolta virouse tentación e troula. E o poeta un mefistófenos ocasional e fuxidio. E os traxes sombras e as sombras parte da nosa historia e da deles propia. E unha vez máis, Don Ramón coma sempre, coma antes cos vellos de Castelo, estaba ali, dando pé a un soño teatral novo. Da súa man, da da Raiña de Saba e da do Demo, viña de nacer a idea de escribir un texto e facer un espectáculo teatral, arredor de Rosalía, ou seu mundo e o seu tempo. Un tempo no que, se cadra, para ben ou para mal, nacimos un pouco todos, e o que AGASALLO DE SOMBRAS quere-se aproximar sen outra ambición desmedida que a de se atrever a ver que pasa.





UNHA TRAVESIA DAS APARIENCIAS CARA
ROSALÍA CASTRO



asidua vocación teatral de Roberto Vidal Bolaño (Compostela, 1950), acaba de entregarnos un texto de grande beleza literaria e un espectáculo no que conviven a maxia poética e a coerenza dramática. **Agasallo de sombras**, segundo estreno do Centro Dramático Galego creado en xaneiro, xustifica por si mesmo o compromiso do teatro profesional coa Administración tanto como a busca dun idioma teatral na que Vidal Bolaño persevera desde a creación da compañía **Antroido** (1974).

Pero non sería xusto festexar este agasallo do décimo aniversario de **Antroido** sen facer memoria dos once espectáculos que Vidal Bolaño produciu entre ambas datas. O autor de **Agasallo de sombras** é, sen dúbida, o primeiro dramaturgo galego, aínda que só fose pola cantidade de textos que ten escrito para a escea. Entre os que andan neste oficio imposible en Galicia é, se cadra, quen máis se ten preocupado por recrear unha tradición teatral propia. Estamos ante o autor que investigou todos os currunchos da cultura de Galicia que teñan relación directa ou colateral coa escea. As máscaras, o antroido, os ritos e ceremonias do ciclo anual do campo, os desafíos, a estética da superstición, o conto popular ou a música son fontes ás que peregrinou para levar auga ao muíño do seu teatro.

O ESPECTRO DO MITO

Na dramaturxia deste autor afixémonos a ver máscaras e xigantes como sombras alongadas da colonización cultural, o costumismo complacente ou a inxusticia tolerada que é o luxo da cultura caciquil. Pero este aguillatado oficio de tebras non está posto aquí en oposición a ningún depedrador, como podía suceder en **Laudamuco Señor de Ningures** ou **Xávara...** O empeño é, pola contra, despegar o camiño cara a figura evanescente á que lle puxeron sitio as prerrogativas do mito. O autor define **Agasallo de Sombras** como "unha romería de medo e feridas ata a egrexía poetisa galega María Rita Rosalía Castro de Murguía, por mal nome a **Santiña**".

Non é ruín o intento de erguer os pans de ouro que cubren á Rosalía histórica. Para esta travesía das apariencias, Rosalía poeta e Rosalía muller aparecen desdobradas en sendos personaxes, o que permite a Vidal Bolaño dramatizar a interioridade sen recurrir ao monólogo. Rosa muller e Rosalía poeta dialogan en Compostela e a

esquizofrenia dun ser extraordinario revélase fronte ao hourizonte das súas propias sombras. O secreto de que esta conxura non fine en liturxia de aparecidos está por unha parte na calidade poética do texto e tamén na súa sólida construción dramática. O acerto plástico dunha escenografía trasunto de *As Sillas* (Jarry e Ionesco tiveron algo que ver cos primeiros títulos de Vidal Bolaño), é outra boa razón para explicar a coerencia que de principio a fin ten *Agasallo*. Nesa terra de misterio que forman sempre os móbeis arrinconados en calquera ángulo obscuro, é Rosalía quen move aos pantasma sen que nengún deles rinda o seu propio carácter nen renuncie a dominar por momentos a escea. Emilio Cao é o autor da partitura que suliña e acompaña algunhas situacións de *Agasallo*. O encargo de Vidal Bolaño foi para un músico galego que se ten distinguido na busca e recreación popular. O acerto foi evidente e marca, xunto con outras iniciativas similares do Centro Dramático Galego, a posibilidade de crear unha industria propia a carón do teatro.

POR DELICADEZA

Cronista da literatura e da historia de Galicia perderon a Rosalía por delicadeza. Por exaltar á cantora botaron un pano pacato sobre unha personalidade extraordinaria: unha muller inquieta e rebelde, adiantada ao seu tempo, de enorme talento e sensibilidade. Vidal Bolaño pasa a fronteira destes remilgos dos académicos xurisperitos rosalianos e cóntanos, por exemplo, que o primeiro fillo naceu con sete meses, dato inencontrabel na bibliografía ao uso de Rosalía e enderezado cara a maledicencia por Salvador de Madariga que no seu ensaio sobre a poeta deixounos esta perla cifrada: "Algún día saberase o cabaleiro que foi don Manuel Murguía".

A plástica fabulosa que infestou a Galicia e a emigración de momentos nos que Rosalía aparece disfrazada de musa, Xoana de Arco dos campesinos ou nai patria de Delacroix para climas frios, é só unha faciaga do mito. Unamuno e Valle-Inclán, tan irrespetuosos con outras sacralizacións, botaron o seu carto a esta falsificación que fixo de Rosalía unha **santa**, unha **nai chorosa**. Desde aquela, nos anos sesenta hai unha primeira proposta de recambiar esta imaxe pola da poeta **engagée**, ao amparo da **poesía de compromiso**, que acadou considerabel popularidade.

A LIÑA DE SOMBRA

Vidal Bolaño pon en boca de Rosalía un verso que podería ser de Rosetti: "Son o que puido ser", co engadido trágico "e non foi". Sen embargo, Rosalía Castro non está en **Agasallo de Sombras** para representar nengunha catástrofe afectiva. O autor enfréntaa a Aurelio Aguirre **príncipe romántico** de Compostela ou lévaa ao revolucionario Banquete de Conxo (1856) para buscar a liña de sombra do seu personaxe. A mesma que perseguiron Proust ou Henry James. A loita contra a dispersión e a "melancolía de ter nacido" (Virginia Woolf) son o soporte desta resurrección de Rosalía. Descubrir unha personalidade fracturada, suxerir a complexidade e mostrar un deserto no que non existen os héroes por máis que os problemas se empeñen en sementalos, é a tolemia que convertiu en linguaxe teatral Roberto Vidal Bolaño.

A PARADOXA E OS FANTASMAS

Benito Vicetto, de alcume **Walter Scott**, que escribiu novelas históricas de escenario galego e unha monumental **Historia de Galicia** que máis semella novela, desafia ao historiador Murguía, marido de Rosalía e bótalle en cara a súa afrenta "á nobre ciencia da historia". Vicetto intuí que a poesía e a beleza son superiores á razón, en tanto que Manuel Murguía preséntase a si mesmo como un ilustrado, aínda que a súa fluvial **Historia de Galicia** non está falta de arbitrariedades, inventos e mixtificacións. "Non che chegaba —acúsao Vicetto— con escribir esa **Historia de Galicia** informe, destartalada e montruosa, senón que tiñas que arremeter contra min, procurando que quedase en ridículo". "Gardeime de emitir xuícios sobre ela mentras puiden —responde Murguía—, pero xa sabes que nunca tiven simpatía polos que escribides a historia á vosa conveniencia". "A miña única conveniencia era darlle grandeza a esa historia". "Mintindo?". "Creando verdades

onde non as había". "Eu atopei verdades diferentes ás túas". "Se cadra —concluí Vicetto—, non por iso menos mentireiras".

Exactamente en sentido inverso ao que prefiriu Ionesco, **Agasallo de Sombras** exalta a paradoxa intelectual con perxucio para os fantasmas. Pero ao carón desta elección tamén se prefiriu mover aos personaxes con fios de melodrama e

acenos realistas sen caer por iso nunca na retórica nen na falta de coherencia.


A distinción entre teatro da imaxe e teatro da palabra, entre a plástica de Valle ou o teatro para o ouvido de Strindberg, aparece aquí sabiamente remontada por un traballo de dirección que soubo acentuar as calidades dunha escenografía orixinal e os recursos dun texto que ten o brillo da boa literatura.

Como xa se fixo ver no primeiro estreno do **Centro Dramático Galego**, o **Woyzeck** que dirixiu Xulio Lago, en **Agasallo de Sombras** a reunión de actores de varios grupos profesionais produciu un reparto no que hai papeis secundarios representados por cabezas de cartel. En tal caso, máis que unha relación de méritos, e que non hai dúbida de que os hai, sería mellor falar de **Agasallo** como dunha excelente mostra do nivel acadado polos actores profesionais de Galicia.



Dúas palabras da autora
(ó fronte de "Follas Novas")

Rosalía Castro



ardados estaban, ben podo decir que para sempre, estes versos, e xustamente condenados pola súa propia indole á eterna olvidanza, cando, non sin verdadeira pena, vellos compromisos obrigáronme a xuntalos de presa e correndo, ordenalos e dalos á estampa. N'era esto, en verdade, o que eu quería, mais n'houbou outro remedio; tuven que conformarme co duro das circunstancias que así o fixeron. "¡Vaian en boa hora —lles dixen entón—, estes probes enxendros da miña tristura!; ¡vaia antre os vivos o que xa é, pola súa propia natureza, cousa dunha morta ben morta!" E fóronse, sin que eu sepa pra qué, nin me faga falla o sabelo.

Máis de dez anos pasaron —tempo cásiqúe fabuloso a xusgar pola presa con que hoxe se vive— desque a maior parte destes versos foron escritos, sin que as contrariedades da miña vida desasosegada, e unha saúde decote endebre, me permitise apousar neles os meus cansados ollos i o meu fatigado espírito. O leelos de novo, vin ben craro cómo era incompreto e probe este meu traballo poético, cánto lle faltaba pra ser algo que valla, e non un libro máis, sin outro mérito que a perene melancolía que o envolve, e que algúns terán, non sin razón, como fatigosa e monótona. Mais as cousas teñen de ser como as fan as circunstancias, e si eu non puden nunca fuxir ás miñas tristezas, os meus versos menos. Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón, fillos cativos das horas de

enfermedade e de ausencias, refrexan, quisiás con demasiada sinceridade, o estado do meu espírito unhas veces; outras, a miña natural disposición (que n'en balde son muller) a sentir como propias as penas alleas. ¡Ai!, a tristeza, musa dos nosos tempos, cónceme ben, e de moitos anos atrás; mirame como súa, é outra como eu, non me deixa un momento, n'inda cando quero falar de tantas cousas como andan hoxe no aire e no noso corazón. ¡Tola de min! ¡No aire, dixen? No meu corazón, inda. Mais ¡fora del? Anque en verdade, ¿qué lle paxará a un que non sea como se pasase en tódolos demáis? ¡En min i en todos! ¡Na miña alma e nas alleas! Mais ¿dírase por eso que me teño por unha inspirada, nin que penso haber feito o que se di un libro transcendental? Non: nin eu o quixen, nin me creo con forzas pra tanto. No aire andan dabondo as cousas graves, é certo; fácil é conoceleas, e hastra falar delas: mais son muller e ás mulleres, apenas si a propia feminina fraqueza lle é permitido adiviñalas, sentilas pasar. Nós somos arpa de sóio dúas cordas, a imaxinación i o sentimento; no eterno panal que traballamos alá no íntimo, solasamente se dá mel, mais o menos doce, de máis ou menos puro oído, pero mel sempre e nada máis que mel. Que si os problemas que téñ ocupados os máis grandes entendementos teñen algo que ver connosco, é n'entramentras que os que comparten e levan á unha con nosoutras os traballos da vida, non poden ocultarnos de todo as súas tristezas i os seus desfalecementos. E deles ver as chagas e sondalas e buscarlles procura: é noso axudarlles a soportalas, mais con feitos iñorados que con palabras e romores. O pensamento da muller é lixeiro; góstanos, como ás vorvoletas, voar de rosa en rosa, sobre as cousas tamén lixeiras: n'é feito para nós o duro traballo da meditación. Cando a el nos entregamos, impenámolo, sin sabelo

siquera, da innata debilidade, e se nos é fácil enganar os espíritus frívolos ou pouco acostumados, non socede o mesmo cos homes de estudio e reflexión, que logo conocen que baixo da crara corrente da forma non se atopa máis que o limo insubstancial das vulgaridades. E nos dominios da especulación, como nos do arte, nada máis inútil nin cruel do que o vulgar. Del fuxo sempre con todas as miñas forzas, e por non caer en tan gran pecado nunca tentéi pasar os límites da simple poesía, que encontra ás veces nunha espresión feliz, nunha idea afortunada, aquela cousa sin nome que vai direita como frecha, traspasa as nosas carnes, fainos estremecer, e resoa na ialma dorida coma un outro ¡ai! que responde ò largo xemido que decote levantan en nós os dores da terra.

Despóis do xa dito, ¿tendréi que añadir que este meu libro n'è, en certa maneira, fillo da mesma inspiración que dou de si os *Cantares gallegos*? Paréceme que non. Cousa este último dos meus días de esperanza e xuventude, ben se ve que ten algo da frescura propia da vida que comenza. Mais o meu libro de hoxe, escrito, coma quen di, en medio de tódolos destellos, non pode ter, anque quixera, o encanto que soie emprestarlles a inocencia das primeiras impresiós: que o sol da vida, o mesmo que o que alumia o mundo que habitamos, non loce nos seus albores da mesma sorte que cando vai poñerse tristemente, envolto antre as nubes do postreiro outono.

Por outra parte, Galicia era nos *Cantares* o obxecto, a alma enteira, mentras que neste meu libro de hoxe, ás veces tan soio a ocasión, anque sempre o fondo do cuadro: que si non pode senón ca morte despirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive e da natureza que o rodea, ser alleo a seu tempo e deixar de reproducir, hastra sin pensalo, a eterna e laiada queixa que hoxe eisalan tódolos labios. Por eso iñoro o que haxa no meu libro dos propios pesares, ou dos alleos, anque ben podo telos todos por meus, pois os acostumados á desgracia, chegan a contar por súas as que afrixen ós demáis. Tanto é así, que neste meu novo libro preferín, ás composicións que puderan decirse personales, aquelas outras que, con máis ou menos acerto, espresan as tribulaciós dos que, uns tras outros, e de distintos modos, vin durante largo tempo sufrir ó meu arredore. E ¡sófrefe tanto nesta querida terra gallega! Libros enteiros poideran escribirse falando do eterno infortunio que afrixe ós nosos aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as súas penas como si fosen miñas; mais o que me conmovéu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres: criaturas amantes para os seus i os estraños, cheas de sentimento, tan esforzadas de corpo como brandas de corazón, e tamén tan desdichadas que se dixeran nadas solasmentes para rexeitar tantas fatigas poidan afrixir á parte máis froxa e inxel da humanidade. No campo, compartindo metade por metade cos seus homes as rudas faenas; na casa, soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as arideces da probeza. Soias o máis do tempo, tendo que traballar de sol a sol, e sin axuda pra mal manterse, pra manter ós seus fillos, e quisáis ó pai valetudinario, parecen condenadas a non atoparen nunca reposo senón na tomba.

A emigración i o Rei arrebatánlles decontino o amante, o irmán, o seu home, sostén da familia de cote numerosa; e así, abandonadas, chorando o seu desamparo, pasan a amarga vida entre as incertidumbres da esperanza, a negrura da soidade i as angustias dunha pereña miserja. I o máis desconsolador para elas é que os seus homes vanse indo todos, uns porque llos levan, i outros porque o exemplo, as necesidades, ás veces unha cobiza, anque disculpabre, cega, fannos fuxir do lar querido daquela a quen amaron, da esposa xa nai e dos numerosos fillos, tan pequeniños que inda n'acertan a adiviñar, os desdichados, a orfandade a que os condenan.

Cando nas súas confianzaas estas probes mártires se astreven a decirmos os seus sacretos, a chorar os seus amores sempre vivos, a doerse das súas penas, descríbese nelas tal delicadeza de sentimentos, tan grandes tesouros de ternura (que a inteireza do seu carácter n'é bastante a mermar), unha abnegación tan grande, que sin querer sentimónos inferiores a aquelas obscuras e valerosas heroínas, que viven e morren levando a cabo feitos maravillosos por sempre iñorados, pero cheos de milagres de amor e de abismos de perdón. Historias dinas de ser cantadas por mellores poetas do que eu son, e cuíais santas armonías deberan ser espresadas cunha soia nota e nunha soia corda: na corda do subrime, e na nota da delor. Anque sin forzas pra tanto, tentei algo deso, sobre todo no libro titulado *As viudas dos vivos e as viudas dos mortos*; mais eu mesma conoso que non acertei a decir as cousas que era menester. As miñas forzas son cativas; quéreas maiores quen haia de cantarnos con toda a súa verdade e poesía, tan sencilla como dolorosa epopeia.

Creerán algú que porque, como digo, tentei falar das cousas que se poden chamar homildes, é por que me esprico na nosa léncoa. N'é por eso. As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra e na nosa léncoa, e pagar en certo modo o aprecio e cariño que os *Cantares gallegos* despertaron en algúns entusiastas. Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel entóns cousa nova, e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono, i o que é máis, aceptárono contentos, e ieu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro i o último. N'era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado.

Alá van, pois, as FOLLAS NOVAS, que mellor se dirían vellas, porque o son, e últimas, porque pagada xa a deuda en que me parecía estar coa miña terra, difícil é que volva a escribir máis versos na lingua materna. Alá van en busca, non de triunfos, senón de perdós; non de alabanzas, senón de olvidos; non das predileccións doutros tempos, senón da beninidade que di dos maos libros: "¡Deixalos pasar!" Éi o que eu deseio: que o deixen pasar, como un romor máis, como un perfume agreste que nos trai consigo algo daquela poesía que nascendo nas vastas soidades, nas campías sempre verdes da nosa terra e nas praias sempre hermosas dos nosos mares, ven directamente a buscar o natural agarimo nos corazóns que sufren e aman esta querida terra de Galicia.

Santiago, 30 de marzo de 1880.



Mi querido Manolo;

Carta de Rosalía a Murguía
Lestrove, 26 de xullo, 1881.

"Mi querido Manolo:

Te he escrito ayer, pero vualvo a hacerlo hoy deprisa para decirte únicamente que me extraña que insistas todavía en que escriba un nuevo tomo de versos en dialecto gallego. No siendo porque lo apurado de las circunstancias me obligaran imperiosamente a ello, dado caso que el editor aceptase las condiciones que te dije, ni por tres, ni por seis, ni por nueve mil reales volveré a escribir nada en nuestro dialecto, ni acaso tampoco a ocuparme de nada que a nuestro país concierna. Con lo cual no perderá nada, pero yo perderé mucho menos todavía.

Se atreven a decir que es fuerza que me rehabilite ante Galicia. ¿Rehabilitarme de qué? ¿De haber hecho todo lo que en mi cupo por su engrandecimiento? El país sí que es el que tiene que rehabilitarse para con los escritores, a quienes, aun cuando no sea más que por la buena fe y entusiasmo con que por él han trabajado, les deben una estimación y respeto que no saben darles, y que guardan para lo que no quiero ahora mentar. ¿Qué algarada ha sido esa que en contra mía han levantado cuando es notorio el amor que a mi tierra profeso? Aun dado el caso (que niego) de que yo hubiese realmente pecado, por lo que toca al artículo en cuestión, ¿era aquello suficiente para arrojar un sambenito sobre la reputación literaria grande o pequeña de cualquier escritor que hubiese dado siempre probadas muestras de amor patrio, como creo yo haberlas dado? No; esto puede decirse sencillamente, mala fe o falta absoluta no sólo de consideración y gratitud, sino también de criterio. Pues bien, el país que así trata a los suyos no merece que aquéllos que tales ofensas reciben vuelvan a herir la susceptibilidad de sus compatriotas con sus escritos malos o buenos. Y en tanto, ya que tan dañada intención han encontrado en lo que narré, para dar a conocer (y no para alabarla ni censurarla) una costumbre antiquísima, y de la cual aún quedaba algún


resto en nuestro país, pueden consolarse leyendo la estadística por lo que toca a cierta cuestión que han sacado a relucir ciertos periódicos escandalizados con mi artículo. Si así arremetiesen contra la estadística sería mejor, a ver si así lograban borrar lo que es peor mil veces que lo que en mi han censurado tan bravamente.

Hazle, pues, presente al editor que, pese a la mala opinión de que al presente gozo, ha tenido a bien acordarse de mí, lo cual le agradezco, mi resolución de no volver a coger la pluma para nada que pertenezca a este país, ni menos escribir en gallego, de una vez que a él no le conviene aceptar las condiciones que le he propuesto. No quiero volver a escandalizar a mis paisanos..."





Dentro del cementerio general de esta parroquia,
se dió sepultura eclesiástica en el día de la fe-
cha, al cadáver del D.^a Rosalia de Castro sin otro ap-
ellido, natural de la ciudad de Santiago y vecina del
lugar de la Chaparra en esta parroquia, hija ilegítima
de D.^a Teresa Castro, que falleció intestada a las
doce de la mañana de ayer por consecuencia de una de-
generacion cancerosa de ^{uteri} "útero". Hallabase casada con
el célebre historiador D.^o Manuel Marguías natural de
Santiago de Chile en el término municipal de Atlix. Re-
cibió los Santos Sacramentos y mas auxilios espirituales.
Y para que conste, extendo la presente. Rectoral de Atlix di-
ciséis de Julio de mil ochocientos ochenta y cinco.

Lec. de José Camacho ^{ff} 

ASENTO DE DEFUNCIÓN.

(Reprodúcese, coidamos, por primeira vez)

Matanza. Dentro del cementerio general de esta parroquia, se dió
D.ª Rosalía de sepultura eclesiástica en el día de la fecha, al cadaver de
Castro D.ª Rosalía de Castro sin otro apellido, natural de la
 ciudad de Santiago y vecina del lugar de la Matanza en
 esta parroquia, hija ilegítima de D.ª Teresa Castro, que
 falleció intestada á las doce de la mañana de ayer por
 consecuencia de una "degeneración cancerosa de
 Hútero". Hallabase casada con el célebre historiador
 D. Manuel Murguía, natrual de Santirso de Oseiro en el
 término municipal de Arteijo, recibió los Santos
 Sacramentos y mas auxilios espirituales. Y para que
 conste, estiendo la presente. Rectoral de Yria dieciseis
 de Julio de mil ochocientos ochenta y cinco.
 Licenciado José Caamaño

*No le toques ya más
que así es la rosa*
Juan Ramón Jiménez

*Cando se fala ben de algún, de
quén se está a falar mal?*
Unamuno



El Anunciador.

DIARIO REPUBLICANO.

Año XV.

REDACCION Y ADMINISTRACION
En el Pórtico de la Estación de Ferrocarril, nº 11, de la ciudad de Santiago, Chile.
Avenida a 10 minutos de la plaza de Armas, entre el 10 y 11 de la estación.
Redacción y administración a precios módicos.

REDACCION Y ADMINISTRACION
En el Pórtico de la Estación de Ferrocarril, nº 11, de la ciudad de Santiago, Chile.
Avenida a 10 minutos de la plaza de Armas, entre el 10 y 11 de la estación.
Redacción y administración a precios módicos.

REDACCION Y ADMINISTRACION
En el Pórtico de la Estación de Ferrocarril, nº 11, de la ciudad de Santiago, Chile.
Avenida a 10 minutos de la plaza de Armas, entre el 10 y 11 de la estación.
Redacción y administración a precios módicos.

REDACCION Y ADMINISTRACION
En el Pórtico de la Estación de Ferrocarril, nº 11, de la ciudad de Santiago, Chile.
Avenida a 10 minutos de la plaza de Armas, entre el 10 y 11 de la estación.
Redacción y administración a precios módicos.

expedido por la
bramiento de auxiliar permanente
grafos á favor de nuestro amigo el Sr. Rodríguez Ogando y con destino á servir en la subalterna de Leiro.

Por si esto no fuera bastante, hemos visto la credencial dirigida al interesado.

Ya vé pues, *La Correspondencia*, como son falsos sus informes desmintiendo esa noticia que nosotros hemos dado con perfecta autoridad y conocimiento.

En breve se publicará una muy interesante colección de cartas que la inolvidable Rosalia Castro hubo de dirigir de Galicia á Madrid á su primo D. José de la Hermida Castro, que retratan mejor que pudiera hacerlo la más acabada descripción biográfica á la insigne poetisa y que repre-

sentan tal valor literario que dos de ellas hubieron de merecer los más entusiastas elogios al ser leídas por los escritores E. Florentino Saud, G. A. Becquer, G. Forteza y Roberto Robert A la referida obra precederá una pequeña biografía que contendrá detalles hasta hoy perfectamente ignorados que llamarán la atención por modo extenso.

Dice *El Independiente* de Vigo:

«Los periódicos de Buenos Aires que recibimos ayer traen la noticia de la muerte en Villa María de D. Antonio Sampedro, comerciante, hijo de Redondela y hermano del inteligente abogado de la capital de la provincia D. Casto Sampedro»

han
mos

S
gani
ta di
y otr
I
junta
del r

N
lisis
á los
bebic

E

Ins
tea
rot
de
aye
var

pal
lug
pu
ca
tri

de
fu

r

conducto de la Dele-
ciencia, preguntando si estaba
ó no obligado al pago de aquel impuesto
toda vez que carecía de medios para recau-
darlo.

Dicha Dirección general apoyándose en lo que dispone el art. 7.º de la ley de 21 de Junio de 1889, ha contestado que en manera alguna puede eximirse á ningun pueblo del cupo asignado ni autorizar su derrama por repartimiento vecinal.

Ahora resulta que la familia de Rosalia Castro no autorizará la publicación de unas cartas que la eminente poetisa dirigió á su primo el Sr. D. José de la Hermida.
¿Por qué, si puede saberse?

El *trancazo*, que viene causando numerosas bajas en el vecindario coruñés, ha producido tambien bastantes entre los presos de la cárcel de dicha capital.

El Ayuntamiento ha tenido que enviar nuevas camas á la enfermería de la misma, y tambien se pidieron más á la Diputación.

El interventor de Hacienda de Guipuzcoa, D. Mariano Roa Gonzalez, ha sido trasladado á la provincia de Lugo.

Según parte de la Guardia Civil del puesto de Brión ha sido robada la Administración de Rentas y la taberna del paisano José Tomé, de Negreira.

El robo se cometió de la siguiente: los ladrones penetraron en el edificio de la Administración por las ventanas. //

ROSALIA DE CASTRO:
CRONOLOXIA BIOGRAFICA E
BIBLIOGRAFICA

- 1837 — 24-2: Nace en Santiago, no Camiño Novo, a nena Maria Rosalía Rita, filla de María Teresa de la Cruz de Castro y Abadía e do sacerdote José Martínez Viojo.
- Non poucos anos da súa nenez, na aldea de Ortoño, perto de Compostela, coidada por unha irmá do pai.
- 1853 — Inverno: Ano da Fame. "Non sei cómo o noso país poido resistir doores tan grandes".
- 1854 — Protagonista, no "Liceo de la Juventud" de Santiago, do drama "Rosmunda", de Gil y Zárate.
- 1856 — Abril: A Madrid. Vai vivir na rúa da Ballesta na casa de Carmen Lugin, curmá súa.
- 1857 — "La flor", Madrid (poemas).
- 1857 — 12-5: Murguía comenta o primeiro libro de Rosalía na revista madrileña "La Iberia".
- 1858 — 10-10: Casa con Manuel Murguía na eirexa de San Ildefonso, de Madrid.
- 1859 — 12-5: Nace en Santiago a primeira filla: Alejandra.
- 1861 — 21-11: Primeiro poema en galego, o que glosa a cántiga "Adios, ríos..." (El Museo Universal, Madrid).
- O tío José María de Castro vende precipitadamente dez ferrados de millo (cento dez réas) pra axudar a Rosalía e á súa familia.
- 1862 — 24-6: Morre súa nai.
- 1863 — 17-5: Data na que firma a adicatoria a Fernán Caballero do libro "Cantares Gallegos". Nese día cumpría trinta anos o seu home.

- 1864 — 30-8: Os seminaristas apedrean en Lugo a imprenta de Soto Freire pra impediren que éste edite no seu "Almanaque" o cadro de costumes firmado por Rosalía. "El codio".
- 1868 — 7-12: Nace, en Santiago, a segunda filla: Aura.
- 1869 — En Simancas, onde o seu home é arquivista.
- 1871 — 2-7: Nacen, nas Torres de Lestrove, os xemeos Gala e Ovidio.
- 1873 — 17-7: Nace, na Coruña, Amara.
- 1875 — 20-3: Nace Adriano Honorato Alejandro, que morrerá, ó cair dunha mesa, o catro de novembro de 1876.


...y mientras silenciosa
lloraba yo y gemía,
mi niño, tierna rosa,
durmiendo se moría.

- 1875 — Acougo físico na casa de Padrón, hoxe "Museo Rosalía de Castro" dende 1971. Dende o casamento, vivir itinerante: Madrid, Santiago, A Coruña, Lestrove, Vigo, Lugo, Simancas, Santiago.
- 1877 — 14-2: Nace —morta— Valentina.
- 1881 — 26-7: "...a miña resolución de non volver a coller a pluma pra cousa que teña que ver con este país... e a de non volver a escribir en galego... Non quero escandalizar de novo ós meus paisanos".
- 1885 — 15-7: Morre de cancro na casa A Matanza en Padrón.



*Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vinna tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!*

*A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta morreu...
Os osos son dela
que vades gardar.
¡Ai dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai dos que levan no bico un cantar!
Curros*



CENTRO
DRAMATICO
GALEGO

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERIA
DE EDUCACION
E CULTURA

DIRECCION
XERAL
DE CULTURA

